

**Resolución do 29 de setembro de 2023, do tribunal designado pola Orde do 27 de xullo de 2023 (DOG número 148, do 4 de agosto de 2023) que cualifica o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado mediante Orde do 19 de abril (DOG número 86, do 5 de maio)**

En sesión que tivo lugar o día 28 de setembro de 2023, o tribunal referido no encabezamento, vistas e contestadas todas as alegacións presentadas en relación a baremación provisional dos méritos alegados neste proceso publicada con data 19 de setembro de 2023 na páxina web da Agasp

**ACORDOU:**

Facer pública como anexo a esta resolución, a baremación definitiva do proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía de acordo ao establecido na base 5 da convocatoria de dito proceso, incluíndo as correccións efectuadas a vista das alegacións presentadas.

A orde de prelación das persoas aspirantes que son propostas para a adxudicación das prazas convocadas efectuase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

Nesta data, este Tribunal remite esta resolución co seu anexo á AGASP de acordo co establecido na base 7 da convocatoria.

Recordáselle as persoas que figuran no anexo desta resolución, que deben manter os requisitos enumerados na base segunda da convocatoria, ata a toma de posesión na praza adxudicada, e que si nalgún momento se detecta o seu incumprimento ou incompatibilidade, procederase a súa anulación e exclusión do proceso.

De acordo co establecido na disposición derradeira única da orde que convoca este proceso referida no encabezamento, esta resolución pode ser impugnada polas persoas interesadas de co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Na data da sinatura dixital

A Presidenta do tribunal

María Rey Rivera

